

Bolsa: economía e psicoloxía

TEXTO: Eduardo L. Giménez Fernández*
ILUSTRACIÓN: Santy

O autor analiza cómo poder participar en Bolsa e os riscos e beneficios de facelo a longo ou curto prazo. Tamén incide en que a Bolsa non "é a economía real", xa que esta constitúese por todas as accións cotiás que realizamos.

Despois da suba da Bolsa de seis semanas (un "rally" en termos técnicos) e gañar un 33% en mes e meio, as Bolsas sufriron unha forte corrección. Un día sobe a Bolsa e a xente da rúa se alegra polas "boas perspectivas económicas"; na seguinte semana baixa, e todos estamos preocupados pola "mala evolución da economía". Porén, aínda que popularmente se pense así, a Bolsa (o Mercado de Valores) non é a economía

real. A economía real está constituída por todas as accións cotiás que realizamos: comprar un xornal, ir traballar ou mercar unha máquina. Acotío, nós non participamos (direitamente) na Bolsa. Algunhas persoas si adquiren valores dunha empresa dalgún sector que cotiza porque "teñen un diñeiro aforrado" e queren "unha rentabilidade maior que a que lles dan no banco".

Hai dous xeitos de participar na Bolsa: a curto prazo e a longo prazo, que difíren nas motivacións, o risco e os lucros obtidos. Participar a curto prazo, para obter un lucro rápido, é "especular", pois adquirimos valores co único obxecto de vendelos según a definición de Nicolas Kaldor (1939). Nesta participación a Bolsa é máis parecido ás quinielas que a un casino: podemos apostar 1X2 a que gaña un equipo grande, acertar e gañar algo de diñeiro. Para gañar máis diñeiro hai que apostar por equipos

malos que "poden dar a sorpresa"; pola contra, o risco que non acertemos ningún partido é moi alto. Así pois, a Psicoloxía é moi importante a curto prazo para explicar os movementos da Bolsa, e as teorías económicas xogan un papel secundario. Como podemos facernos ricos "apostando" en Bolsa? Precísanse de tres elementos: diñeiro, tempo para seguir as cotizacións hora a hora, e unha estratexia. Por exemplo, o economista británico David

¿Cómo podemos facernos ricos apostando na Bolsa? Precísanse tres elementos: diñeiro, tempo para seguir as cotizacións hora a hora e unha estratexia. A Psicoloxía é moi importante a curto prazo.

Ricardo, que era corredor de Bolsa en Londres, fixo unha gran fortuna a principio do século XIX coa estratexia de comprar á baixa e vendendo tan pronto como había un mínimo gañado.

Participar a longo prazo é algo diferente. A motivación é o depósito de valor para manter a nosa riqueza no futuro (adquirimos a propiedade alícuota dalgunha empresa). Esta participación na Bolsa parécese a mercar terras, Bonos do Tesouro ou facer un depósito a varios anos nun banco (e que sexa o banco quen busque a rentabilidade utilizando o noso diñeiro para prestar a algunha empresa, ou para unha hipoteca). A cuestión é que nos convén e que produto financeiro é mellor adquirir. Agora, ademais de risco e lucro, entra a compoñente temporal: cándoo recuperar o diñeiro. Obviamente, maior ten que ser a rentabilidade que nos paguen canto máis tempo prestemos o noso diñeiro: ao Estado adquirindo

bonos, a un banco realizando un depósito, ou adquirindo a acción dunha empresa en Bolsa. Existe un resultado teórico e empírico en teoría económica financeira que nos indica que adquirir Bonos do Tesouro con rentabilidade segura, e adquirir unha carteira de accións vaines proporcionar en promedio a mesma rentabilidade. Pense o lector se "sistemáticamente" un deles obtivera menor rentabilidade que o outro en espazos de tempo elevados ninguén mercaría valores en Bolsa ou Bonos do Tesouro. Aínda máis, o que nos indica este resultado teórico é que en periodos longos de tempo podemos analizar a evolución global da economía estudando a rentabilidade das empresas en Bolsa.

Semella claro agora que o que acontece día a día na Bolsa non é o que acontece na economía; é un termómetro, mais contan moito os factores psicolóxicos para explicar a súa evolución, que se mesturan con tendencias económicas. Por exemplo, se analizamos a evolución da Bolsa dende inicio de ano até os mínimos do 9 de marzo, observamos unha caída moi forte do IBEX35 dende os 9.196 até os 6.817 puntos (-26%), especialmente no Sector Financeiro que caeu 40%, polas incertezas da situación real dos bancos, unha razón psicolóxica con fundamento económico. Nas seguintes seis semanas até o 17 de abril o IBEX estivo crescendo até superar os 9.000 puntos, e o rally foi liderado precisamente polas subas na cotización dos Bancos, que chegaron a gañar en mes e meio un 67%. Comprábanse accións porque se creía que as cotizacións dos valores dos Bancos estaban infravalorados e especialmente poderían vender máis caras (un fundamento psicolóxico). Estas subas do IBEX non parecían vir acompañadas de signos claros de recuperación da economía real (un fundamento económico). Daquela, os participantes do mercado de valores non viron cribéis maiores subas dos valores en Bolsa (un fundamento psicolóxico), e era un bo momento para vender e gañar a aposta (unha razón económica). Nas seguintes sesións houbo "recollida de beneficios" con caídas do IBEX.

Seguiremos observando estas subas no mercado de valores ("rallies"), acompañadas de fortes correccións, mentres non aparezan claros signos de recuperación na economía real e nos resultados das compañías. Por tanto, a cuestión é: cál será o próximo sector que liderará as subas do próximo rally? Unha predición: nas vindeiras semanas debemos fixarnos nun sector particular Petróleo e Enerxía (e, en particular, os valores dos subsectores Petróleo e Electricidade e Gas), por tres razóns: é un dos sectores que menos creceu neste rally (12% fronte á media do IBEX do 33%); é o sector que máis caeu dende o inicio de ano (-16,6% fronte á do IBEX de -7,5); e, a respecto de hai un ano caeu máis que a media (-41% fronte ao -37% do IBEX). Agora ben, esta é a miña quiniela.

(* Eduardo L. Giménez Fernández pertence ao departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas e rede (research group in economics, business and the environment). Universidade de Vigo.

